

<b>Capítulo:</b>	
<b>Epígrafe:</b>	
(Para cubrir no Diario Oficial de Galicia)	

SUMARIO:

*ANUNCIO do 22 de setembro, da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se fai público o inicio do deslindamento parcial do monte veciñal en man común de Viloalle, pertencente á comunidade de Viloalle (exp 15/79), cos montes estremeiros de Estelo, Braña e Toxiza, pertencente á comunidade de Estelo e Tronceda (exp 13/79), e o monte de Toxiza, Braña, Pena do Rei e Pombeiro, pertencente á comunidade de Figueiras (exp 17/79), todos eles situados no concello de Mondoñedo.*

TEXTO:

Para os efectos previstos no artigo 49 da Lei 7/2012, do 28 de Xuño, de Montes de Galicia, dáselle publicidade ao comezo do deslindamento parcial do monte veciñal en man común de Viloalle, pertencente á comunidade de Viloalle (exp 15/79), cos montes estremeiros de Estelo, Braña e Toxiza, pertencente á comunidade de Estelo e Tronceda (exp 13/79), e o monte de Toxiza, Braña, Pena do Rei e Pombeiro, pertencente á comunidade de Figueiras (exp 17/79), todos eles situados no concello de Mondoñedo.

Fíxase un prazo de 30 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia, para que as comunidades afectadas presenten no Servizo de Montes de Lugo, situado na rolda da Muralla, 70, baixo 2º, a documentación acreditativa da propiedade que consideren oportuna.

O Servizo de Montes de Lugo acordou sinalar a data do 14 de novembro de 2016, ás 09:30 horas, no lugar denominado “Campo dos Paxariños”, na Avenida San Lucas, en Mondoñedo, para comezar as operacións de apeo que levará a cabo o Enxeñeiro de Montes Santiago Fraga Sáenz.

Lugo, 22 de setembro de 2016

José Ramón Losada Fernández  
Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo